# SEMANA 27 ABRIL – 30 ABRIL

Esta semana ímola adicar ao proxecto "Protexe os Animais" que está dentro do Plan Proxecta, que comezamos na aula. Como xa sabedes, este plan en colaboración coa Consellería de Medio Ambiente, trata do fomento da concienciación do alumnado na protección polos animais domésticos A finalidade deste proxecto é que a través de diferentes ferramentas, experiencias, investigacións e a axuda da web os nenos se conciencien da importancia do respecto e coidado aos animais.

## LUNS:

### *1º MOMENTO: COMEZA O DÍA*

É importante que todos os días traballemos cos nenos os seguintes aspectos (podemos ir anotando nun papel para facer un rexistro semanal):

- CALENDARIO: Que día é hoxe? Por ex. LUNS 27 ABRIL 2020. Se temos un calendario, podemos deixar que o neno faga unha "X" enriba do día no que nos atopamos.
- TEMPO: Que tempo vai hoxe? Achegámonos á fiestra e observamos. SOL, SOL E NUBES, CHOIVA...
- ESTACIÓN: En que estación estamos? PRIMAVERA
- PASAR LISTA: ao igual que a semana anterior, podemos pedir aos nenos que lembren os nomes dos seus compañeiros e compañeiras:
  - MANUEL, ÁLVARO C., LEO, MATEO, MARA, VALERIA, MARTINA L., GERMÁN, NICOLÁS, BRUNO, MARIO, KEVIN, SOFÍA, LAURA, NOA O., CANDELA, XURXO, ÁLVARO R., MARTINA R., XIÁN, NOA L., XOEL, XAVI. Non vos esquezades da profe LAURA :)

Para que non resulte tan repetitivo, podemos alternar esta actividade coa de nomear os días da semana e os meses do ano. É dicir, nunhas sesións nomeamos aos nosos compañeiros e noutras os días da semana e os meses do ano.

Despois disto, podemos pasar lista cos membros da casa. Anotamos nun papel o nome das persoas que viven con nós neste momento e despois facemos a suma de cantos homes e mulleres hai.

## *2º E 3º MOMENTO*



A primeira actividade que vos propoño é visualizar esta curta onde podemos ver como viven os gatos da rúa: as súas costumes, os coidados que precisan, como se alimentan... e sobre todo a gran labor dos voluntarios que se esforzan para que a estes animais non lles falte de nada, e dentro das súas circunstancias, poidan vivir nas mellores condicións.

https://youtu.be/1fABW2fCKxE

Ao rematar a visualización da curta podedes realizar o test de comprensión do vídeo e axudar ao neno se o precisa.

Https://docs.google.com/forms/d/e/1FAIpQLSdkleQsH7wtFt2vW_hwpSHKAkP6CMQGFRSBqxaTLIv1ZOz2EA/viewform?usp=sf_link

## *4º MOMENTO: DESCANSO*



Aproveitamos este momento para coller forzas: relaxándonos, comendo algo... Podemos escoitar a canción de "Señora Vaca. Canciones de la Granja".

## *5º MOMENTO: RECUNCHOS*

Temos 5 recunchos. Cada día da semana pasaremos por un distinto e así o venres teremos pasado por todos.

O traballo nos diferentes recunchos estruturase así:

- CIFRAS E LETRAS:
    - Podemos facer un puzzle, moldear letras ou números con plastilina, sumar ou restar con obxectos que temos na casa (xoguetes, pasta, bolas de papel...), repasar letras ou números que un adulto ou nós fixemos previamente, escribir o nome dos nosos compañeiros ou das persoas que nos acompañan estes días...
- TIC´S:
    - Neste recuncho podemos usar a Tablet ou se nos deixan os maiores o teléfono móbil para xogar a través das seguintes apps https://arbolabc.com/ https://www.juegosarcoiris.com/juegos/letras/ http://www.cristic.com/infantil/https://www.educanave.com/juegos/index juegos.htm para traballar así a conciencia fonolóxica, lectoescritura, memoria lóxicomatemática...

    - Se non temos Tablet ou acceso a un teléfono, podemos realizar xogos de mesa: oca, parchís, dominó, Quen é quen?...
- CONSTRUCIÓNS:
    - Xogamos coas construcións que temos na casa: pezas, bloques lóxicos, coches, ferramentas, ensartabes...
- FOGAR:
    - Todos os días axudamos na casa, pero o día que imos a este recuncho axudamos máis. Podemos colaborar con algunha receita sinxela: ensalada, macedonia, un doce...
    - Tamén podemos facer a colada, limpar o pó, poñer a mesa...
- BIBLOTECA:
    - Neste recuncho visualizamos un conto que nos guste e logo contámoslle a un adulto o que alí vimos, facemos un debuxo...
    - Este tamén é un momento no que podemos aproveitar a arranxar os contos da nosa biblioteca e colocalos de novo ao nos gusto.

## MARTES:

### *1º MOMENTO: COMEZA O DÍA*

É importante que todos os días traballemos cos nenos os seguintes aspectos (podemos ir anotando nun papel para facer un rexistro semanal):

- CALENDARIO: Que día é hoxe? Por ex. MARTES 28 ABRIL 2020. Se temos un calendario, podemos deixar que o neno faga unha "X" enriba do día no que nos atopamos.
- TEMPO: Que tempo vai hoxe? Achegámonos á fiestra e observamos. SOL, SOL E NUBES, CHOIVA...
- ESTACIÓN: En que estación estamos? PRIMAVERA
- PASAR LISTA: ao igual que a semana anterior, podemos pedir aos nenos que lembren os nomes dos seus compañeiros e compañeiras:
    - MANUEL, ÁLVARO C., LEO, MATEO, MARA, VALERIA, MARTINA L., GERMÁN, NICOLÁS, BRUNO, MARIO, KEVIN, SOFÍA, LAURA, NOA O., CANDELA, XURXO, ÁLVARO R., MARTINA R., XIÁN, NOA L., XOEL, XAVI. Non vos esquezades da profe LAURA :)

Para que non resulte tan repetitivo, podemos alternar esta actividade coa de nomear os días da semana e os meses do ano. É dicir, nunhas sesións nomeamos aos nosos

compañeiros e noutras os días da semana e os meses do ano.

Despois disto, podemos pasar lista cos membros da casa. Anotamos nun papel o nome das persoas que viven con nós neste momento e despois facemos a suma de cantos homes e mulleres hai.

## *2º E 3º MOMENTO*

A actividade de hoxe consiste en crear con material de refugallo ou calquera tipo de material funxible do que dispoñades, a nosa mascota a vaca "Panchiña". Podedes debuxala, moldeala, usar rolos de papel hixiénico, pratos... o que se vos ocorra!

Ao rematar propóñovos que elaboredes nun papel unha "Ficha Informativa" na que deben aparecer os seguintes datos do animal (podedes engadir máis se queredes).

- NOME DO ANIMAL
- VIVE EN
- COME
- DESCRICIÓN FÍSICA

A ficha debe ir acompañada dun debuxo.

Como esta actividade require máis tempo do habitual, empregaremos dúas sesión para a realización da mesma.

Exemplos de manualidade que podedes realizar:










### *4º MOMENTO: DESCANSO*

Aproveitamos este momento para coller forzas: relaxándonos, comendo algo... Podemos escoitar a canción de “Señora Vaca. Canciones de la Granja”.

### *5º MOMENTO: RECUNCHOS*

Temos 5 recunchos. Cada día da semana pasaremos por un distinto e así o venres teremos pasado por todos.

O traballo nos diferentes recunchos estruturase así:

- CIFRAS E LETRAS:
  - Podemos facer un puzzle, moldear letras ou números con plastilina, sumar ou restar con obxectos que temos na casa (xoguetes, pasta, bolas de papel...), repasar letras ou números que un adulto ou nós fixemos previamente, escribir o nome dos nosos compañeiros ou das persoas que nos acompañan estes días...
- TIC´S:
  - Neste recuncho podemos usar a Tablet ou se nos deixan os maiores o teléfono móbil para xogar a través das seguintes apps https://arbolabc.com/ https://www.juegosarcoiris.com/juegos/letras/ http://www.cristic.com/infantil/https://www.educanave.com/juegos/index juegos.htm para traballar así a conciencia fonolóxica, lectoescritura, memoria lóxicomatemática...
  - Se non temos Tablet ou acceso a un teléfono, podemos realizar xogos de

mesa: oca, parchís, dominó, Quen é quen?...

- CONSTRUCIÓNS:
  - Xogamos coas construcións que temos na casa: pezas, bloques lóxicos, coches, ferramentas, ensartabes...
- FOGAR:
  - Todos os días axudamos na casa, pero o día que imos a este recuncho axudamos máis. Podemos colaborar con algunha receita sinxela: ensalada, macedonia, un doce...
  - Tamén podemos facer a colada, limpar o pó, poñer a mesa...
- BIBLOTECA:
  - Neste recuncho visualizamos un conto que nos guste e logo contámoslle a un adulto o que alí vimos, facemos un debuxo...
  - Este tamén é un momento no que podemos aproveitar a arranxar os contos da nosa biblioteca e colocalos de novo ao nos gusto.

## MÉRCORES:

### *1º MOMENTO: COMEZA O DÍA*

É importante que todos os días traballemos cos nenos os seguintes aspectos (podemos ir anotando nun papel para facer un rexistro semanal):

- CALENDARIO: Que día é hoxe? Por ex. MÉRCORES 29 ABRIL 2020. Se temos un calendario, podemos deixar que o neno faga unha "X" enriba do día no que nos atopamos.
- TEMPO: Que tempo vai hoxe? Achegámonos á fiestra e observamos. SOL, SOL E NUBES, CHOIVA...
- ESTACIÓN: En que estación estamos? PRIMAVERA
- PASAR LISTA: ao igual que a semana anterior, podemos pedir aos nenos que lembren os nomes dos seus compañeiros e compañeiras:
  - MANUEL, ÁLVARO C., LEO, MATEO, MARA, VALERIA, MARTINA L., GERMÁN, NICOLÁS, BRUNO, MARIO, KEVIN, SOFÍA, LAURA, NOA O., CANDELA, XURXO, ÁLVARO R., MARTINA R., XIÁN, NOA L., XOEL, XAVI. Non vos esquezades da profe LAURA :)

Para que non resulte tan repetitivo, podemos alternar esta actividade coa de nomear os días da semana e os meses do ano. É dicir, nunhas sesións nomeamos aos nosos compañeiros e noutras os días da semana e os meses do ano.

Despois disto, podemos pasar lista cos membros da casa. Anotamos nun papel o nome das persoas que viven con nós neste momento e despois facemos a suma de cantos homes e mulleres hai.

### *2º E 3º MOMENTO*

A actividade de hoxe coido que vos vai gustar. Propóñovos que xoguedes en familia aos seguintes xogos interactivos onde ides descubrir cantas cousas sabedes do mundo animal.



https://view.genial.ly/5e9e7289bc1ba60db2f97256/game-el-juego-de-la-oca
https://view.genial.ly/5e9e2063873c640dabe43411/game-trivial-de-animales
https://view.genial.ly/5e9e7f1715db6d0db 1fc98a4/game-pasapalabra

**Animádevos a participar! A ver quen gaña... SORTE! :)**

### *4º MOMENTO: DESCANSO*

Aproveitamos este momento para coller forzas: relaxándonos, comendo algo... Podemos escoitar a canción de "Señora Vaca. Canciones de la Granja".

### *5º MOMENTO: RECUNCHOS*

Temos 5 recunchos. Cada día da semana pasaremos por un distinto e así o venres teremos pasado por todos.

O traballo nos diferentes recunchos estruturase así:

- CIFRAS E LETRAS:
    - Podemos facer un puzzle, moldear letras ou números con plastilina, sumar ou restar con obxectos que temos na casa (xoguetes, pasta, bolas de papel...), repasar letras ou números que un adulto ou nós fixemos previamente, escribir o nome dos nosos compañeiros ou das persoas que nos acompañan estes días...
- TIC´S:
    - Neste recuncho podemos usar a Tablet ou se nos deixan os maiores o teléfono móbil para xogar a través das seguintes apps https://arbolabc.com/ https://www.juegosarcoiris.com/juegos/letras/ http://www.cristic.com/infantil/https://www.educanave.com/juegos/index

juegos.htm para traballar así a conciencia fonolóxica, lectoescritura, memoria lóxicomatemática...
    - Se non temos Tablet ou acceso a un teléfono, podemos realizar xogos de mesa: oca, parchís, dominó, Quen é quen?...
- CONSTRUCIÓNS:
    - Xogamos coas construcións que temos na casa: pezas, bloques lóxicos, coches, ferramentas, ensartabes...
- FOGAR:
    - Todos os días axudamos na casa, pero o día que imos a este recuncho axudamos máis. Podemos colaborar con algunha receita sinxela: ensalada, macedonia, un doce...
    - Tamén podemos facer a colada, limpar o pó, poñer a mesa...
- BIBLOTECA:
    - Neste recuncho visualizamos un conto que nos guste e logo contámoslle a un adulto o que alí vimos, facemos un debuxo...
    - Este tamén é un momento no que podemos aproveitar a arranxar os contos da nosa biblioteca e colocalos de novo ao nos gusto.

## XOVES:

### *1º MOMENTO: COMEZA O DÍA*

É importante que todos os días traballemos cos nenos os seguintes aspectos (podemos ir anotando nun papel para facer un rexistro semanal):

- CALENDARIO: Que día é hoxe? Por ex. XOVES 30 MAIO 2020. Se temos un calendario, podemos deixar que o neno faga unha "X" enriba do día no que nos atopamos.
- TEMPO: Que tempo vai hoxe? Achegámonos á fiestra e observamos. SOL, SOL E NUBES, CHOIVA...
- ESTACIÓN: En que estación estamos? PRIMAVERA
- PASAR LISTA: ao igual que a semana anterior, podemos pedir aos nenos que lembren os nomes dos seus compañeiros e compañeiras:
    - MANUEL, ÁLVARO C., LEO, MATEO, MARA, VALERIA, MARTINA L., GERMÁN, NICOLÁS, BRUNO, MARIO, KEVIN, SOFÍA, LAURA, NOA O., CANDELA, XURXO, ÁLVARO R., MARTINA R., XIÁN, NOA L., XOEL, XAVI. Non vos esquezades da profe LAURA :)

Para que non resulte tan repetitivo, podemos alternar esta actividade coa de nomear os días da semana e os meses do ano. É dicir, nunhas sesións nomeamos aos nosos compañeiros e noutras os días da semana e os meses do ano.

Despois disto, podemos pasar lista cos membros da casa. Anotamos nun papel o nome das persoas que viven con nós neste momento e despois facemos a suma de cantos homes e mulleres hai.

### *2º E 3º MOMENTO*

A actividade de hoxe consiste en crear con material de refugallo ou calquera tipo de material funxible do que dispoñades, a nosa mascota a vaca "Panchiña". Podedes debuxala, moldeala, usar rolos de papel hixiénico, pratos... o que se vos ocorra!

Ao rematar propóñovos que elaboredes nun papel unha "Ficha Informativa" na que deben aparecer os seguintes datos do animal (podedes engadir máis se queredes).

- NOME DO ANIMAL
- VIVE EN
- COME
- DESCRICIÓN FÍSICA

A ficha debe ir acompañada dun debuxo.

Como esta actividade require máis tempo do habitual, empregaremos dúas sesión para a realización da mesma.

### *4º MOMENTO: DESCANSO*

Aproveitamos este momento para coller forzas: relaxándonos, comendo algo... Podemos escoitar a canción de "Señora Vaca. Canciones de la Granja".

### *5º MOMENTO: RECUNCHOS*

Temos 5 recunchos. Cada día da semana pasaremos por un distinto e así o venres teremos pasado por todos.

O traballo nos diferentes recunchos estruturase así:

- CIFRAS E LETRAS:
    - Podemos facer un puzzle, moldear letras ou números con plastilina, sumar ou restar con obxectos que temos na casa (xoguetes, pasta, bolas de papel...), repasar letras ou números que un adulto ou nós fixemos previamente, escribir o nome dos nosos compañeiros ou das persoas que

nos acompañan estes días...

- TIC´S:
    - Neste recuncho podemos usar a Tablet ou se nos deixan os maiores o teléfono móbil para xogar a través das seguintes apps https://arbolabc.com/ https://www.juegosarcoiris.com/juegos/letras/ http://www.cristic.com/infantil/https://www.educanave.com/juegos/index juegos.htm para traballar así a conciencia fonolóxica, lectoescritura, memoria lóxicomatemática...
    - Se non temos Tablet ou acceso a un teléfono, podemos realizar xogos de mesa: oca, parchís, dominó, Quen é quen?...
- CONSTRUCIÓNS:
    - Xogamos coas construcións que temos na casa: pezas, bloques lóxicos, coches, ferramentas, ensartabes...
- FOGAR:
    - Todos os días axudamos na casa, pero o día que imos a este recuncho axudamos máis. Podemos colaborar con algunha receita sinxela: ensalada, macedonia, un doce...
    - Tamén podemos facer a colada, limpar o pó, poñer a mesa...
- BIBLOTECA:
    - Neste recuncho visualizamos un conto que nos guste e logo contámoslle a un adulto o que alí vimos, facemos un debuxo...
    - Este tamén é un momento no que podemos aproveitar a arranxar os contos da nosa biblioteca e colocalos de novo ao nos gusto.

## AVALIACIÓN

Sería moi positivo que os nenos coa vosa axuda valorasen as súas producións. Por exemplo:

- RESULTOUCHE DIFÍCIL A ACTIVIDADE?
    - SI – NON – UN POUCO
- GUSTOUCHE A ACTIVIDADE?
    - SI – NON – UN POUCO
- GUSTOUCHE O RESULTADO?
- CAMBIARÍAS ALGO?



## ACTIVIDADES DE REFORZO E AMPLIACIÓN:

Son tarefas cuxo propósito é reforzar ou ampliar os contidos traballados. Ao igual que a programación anterior son voluntarias, pero creo que poden ser moi beneficiosas para o alumnado cara a consecución dos obxectivos.

O momento para levalas a cabo debedes buscalo vós e o neno, o que mellor se axuste ás vosas necesidades e intereses, como sempre aconsello que o neno estea receptivo á hora de traballar. Non son para facer todas nun día, a súa finalidade é proporcionarvos ideas para que poidades botar man delas se o desexades.

A continuación detallo algúns exemplos:

- Escribir o abecedario en maiúsculas e telo nun lugar visible.
- Escribir o abecedario en minúsculas e telo nun lugar visible.
- Xogar a dicir o nome das letras e a continuación como soan. Por ex: M Chámase EME e soa "mmmm".
- Xogar a escoller unha letra ao chou e pensar palabras que comecen por esa letra. Podemos elaborar as letras e metelas nunha bolsa para o xogo.
- Axudar a redactar a lista da compra cos maiores.
- Escribir o noso nome e apelidos e o das persoas que nos acompañan.
- Escoller unha consoante do abecedario e xogar a colocar ao seu lado cada unha das vogais e reproducir o son. Por ex: M M+A=MA
- Xogar cun maior a dicir palabras e o outro xogador debe dividilas en sílabas dando palmadas.
- O mesmo xogo anterior pero en lugar de dividir en sílabas, contar cantas letras ten a palabra que nos toca descompoñer.
- Xogar a palabras encadeadas.
- Escribir nun papel os números cardinais ata o 20 ou máis, como o neno desexe e deixalo nun lugar visible.
- Xogar cos números ata o 10 recitando primeiro do 1 ao 10 e logo cara atrás do 10 ao 1.
- Escribir nun papel os ordinais ata o 10º e xogar tamén a recitar do 1º ao 10º.
- Descompoñer números como cando sumamos. Dicimos un número e o neno ten que debuxar tantas raias como indica o número ou buscar tantos obxectos como indica o número.
- Xogar ao "Veo-Veo" con letras, cores, figuras xeométricas...

**Moitas grazas e moito ánimo!**

**A titora.**